

ÁREA DE
SERVIZOS XERAIS

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 73321 / 250	TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS
	SOLICITANTE: Fomento

INFORME:

ASUNTO: Adjudicación e autorización de gasto a favor de Construcciones Vale S.L (B36024933) para a realización da obra de **reforzo da capa de rodadura do firme da rúa Manolo Martínez, pertencente ao Barrio de Coia, distrito 4.**

Antecedentes

1.- O 4 de marzo de 2015 o Concelleiro-delegado da Área de Fomento resolveu orde de servizo para a tramitación dun expediente de gasto menor para a contratación da obra de **reforzo da capa de rodadura do firme da rúa Manolo Martínez, pertencente ao Barrio de Coia, distrito 4.** Na mesma resolución acordou aprobar a memoria valorada redactada polo enxeñeiro técnico de obras públicas, D. Luis Vicente Vilar Montoro, da empresa Vilar Montoro Ingeniería en febreiro de 2015. Na memoria se describe o obxecto do contrato, cun orzamento base de licitación de **25.143,12** euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 1 semana.

Consta no expediente informe sobre a conveniencia e idoneidade da execución da obra de data 3 de marzo de 2015, acta de replanteo pertinente asinada polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, D. Agustín Rodríguez Carballo, con data 03 de marzo de 2015, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender o gasto mediante documento contable RC de data 11 de marzo de 2015.

2.- O 16 de marzo de 2015, se publica no Perfil do Contratante da páxina Web municipal o anuncio para a contratación de ditas obras a través do réxime de contrato menor, no que se sinala como data límite para a presentación das ofertas o 21 de marzo de 2015.

3.- Na sesión pública do 25 de marzo de 2015, a Comisión de Valoración das ofertas procede a apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a oferta económica presentados polos licitadores, resultando que a mellor oferta das admitidas, en atención ao criterio fixado no anuncio, foi a presentada pola mercantil **Construcciones Vale S.L**, por un importe de **20.250,27** euros (IVE incluído). Da sesión levantouse acta, que foi publicada no Perfil do Contratante da páxina Web municipal o 26 de marzo de 2015.

4.- O 26 de marzo de 2015 se require por correo electrónico a dito licitador para que presente no prazo de cinco días hábiles como máximo, contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións para contratar coa Administración sinalada no punto 15 do anuncio (consta a recepción do correo polo licitador o mesmo día); documentación que presenta en data 30/03/15 (doc. nº 150037198) -dentro do prazo sinalado-.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O presente contrato ten a consideración de Contrato menor de obras definido nos arts. 6, 23.3, 89.2, 111, 138.3 e 156.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP).

Tamén é de aplicación as Instrucións do Concelleiro delegado da Área de Fomento, Transportes e Contratación de 20 de febreiro de 2015, sobre tramitación de contratos de obra en réxime de contrato menor.

Segundo.- Resultou que a oferta economicamente mais vantaxosa para a Administración contratante, de conformidade co criterio fixado no anuncio que rexeu a licitación, é a formulada por **Construcciones Vale S.L**.

Terceiro.- Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adjudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a tramitación e resolución dos expedientes de contratos menores correspóndelle ao Concelleiro delegado (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014, sobre delegación de atribucións, e Base 31ª das de Execución do Orzamento).

Á vista do exposto faise a seguinte



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2015 13:31	Páxina 1 de 2
Expediente 73321/250	Código de verificación: 2CEE3-2CCBA-35A3B-CDAB5	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



PROPOSTA

1. Adxudicar o contrato menor relativo as obras de descripción gasto á mercantil Construcciones Vale S.L (B36024933) por un importe total de **20.250,27** euros, IVE incluído, por ser a oferta economicamente mais vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricte suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Fomento de data 4 de marzo de 2015 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de 1 SEMANA (UNHA SEMANA) a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de **20.250,27** € (Base imponible 16.735,76 €, tipo IVE 21%, importe IVE 3.514,51 €) para a realización das obras de descripción gasto, a prol da empresa Construcciones Vale S.L (B36024933), con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1532	6190006	15153206	20.250,27	MELLORA DE INFRAESTRUTURA EN PARROQUIAS

3. Nomear como responsable do contrato ao técnico municipal e director facultativo das obras a D. Agustín Rodríguez Carballo.
4. O adxudicatario estará obrigado a executar os ensaio de control de calidade seguintes: 1 ensaio Marshall e 2 extraccións de testigos para comprobación de espesores.
5. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
6. Publicar a presente resolución no Perfil do Contratante da páxina web municipal e dar traslado aos licitadores.
7. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.
Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.
8. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

Vigo, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras

Conformado dixitalmente polo/a Concelleiro/a Delegado/a de Economía e Facenda





EXPEDIENTE: 73321 / 250

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

SOLICITANTE: Vías Y Obras

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014)

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade".

RESOLVO:

1. Adxudicar o contrato menor relativo as obras de descripción gasto á mercantil Construcciones Vale S.L (B36024933) por un importe total de **20.250,27** euros, IVE incluído, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricta suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Fomento de data 4 de marzo de 2015 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de 1 SEMANA (UNHA SEMANA) a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de **20.250,27** € (Base imponible 16.735,76 €, tipo IVE 21%, importe IVE 3.514,51 €) para a realización das obras de **reforzo da capa de rodadura do firme da rúa Manolo Martínez, pertencente ao Barrio de Coia, distrito 4**, a prol da empresa Construcciones Vale S.L (B36024933), con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1532	6190006	15153206	20.250,27	MELLORA DE INFRAESTRUTURA EN PARROQUIAS

3. Nomear como responsable do contrato ao técnico municipal e director facultativo das obras a D. Agustín Rodríguez Carballo.
4. O adxudicatario estará obrigado a executar os ensaio de control de calidade seguintes: 1 ensaio Marshall e 2 extraccións de testigos para comprobación de espesores.
5. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
6. Publicar a presente resolución no Perfil do Contratante da páxina web municipal e dar traslado aos licitadores.
7. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.
Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.
8. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

AC/nm **Asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2015 13:31

Páxina 1 de 1

Expediente 73321/250

Código de verificación: 23EB3-3C8B5-3DA42-3AD3B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>